

o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, acordou:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación provisional da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida polos aspirantes, de acordo co disposto na base II.3 da convocatoria.

Segundo.-De acordo co disposto na base II.3.5. da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as reclamacións que xulguen oportunas en relación coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles contado desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. As reclamacións irán dirixidas ao tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

María Dolores Pereira Oliveira  
Presidenta do tribunal

Puntuacións provisionais obtidas na fase de concurso do proceso selectivo de acceso ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativo de museos.

#### Promoción interna.

Apelidos e nome	DNI	Base II.3.1.1.	Base II.3.1.2.	Base II.3.1.3.	Base II.3.1.4.	Base II.3.1.5.	Total
López de Prado Nistal, Covadonga	9353294-E	1,48	0,5	0	0	0	1,98
Fernández Fuertes, Tomás Evaristo	32442649-E	2,2	0,5	0	0	2	4,7

#### Acceso libre.

Apelidos e nome	DNI	Base II.3.2.1.	Base II.3.2.2.	Base II.3.2.3.	Base II.3.2.4.	Total
López Fernández, Graciela	78795960-F	0	0	0	0	0
Aneiros García, Roberto	32640999-C	0	16	0	0	16

*Resolución do 29 de xuño de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do xoves 10 de xaneiro de 2008).*

En sesión que tivo lugar o día 29 de xuño de 2009, o tribunal nomeado polas ordes do 8 e 18 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas, acordou:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación provisional da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida polos aspirantes, de acordo co disposto na base II.3 da convocatoria.

Segundo.-De acordo co disposto na base II.3.5. da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as reclamacións que xulguen oportunas en relación coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles contado desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. As reclamacións irán dirixidas ao tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2009.

María Dolores Pereira Oliveira  
Presidenta do tribunal

Puntuacións provisionais obtidas na fase de concurso do proceso selectivo de acceso ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativo de bibliotecas.

#### Promoción interna.

Apelidos e nome	DNI	Base II.3.1.1.	Base II.3.1.2.	Base II.3.1.3.	Base II.3.1.4.	Base II.3.1.5.	Total
Sánchez Muñoz, Elena	33294578-P	2,2	0,5	0	0	2	4,7

#### Acceso libre.

Apelidos e nome	DNI	Base II.3.2.1.	Base II.3.2.2.	Base II.3.2.3.	Base II.3.2.4.	Total
Hoyos Silva, Nuria	13302696-W	0	1,8	0	0	1,8
Barros Otero, María Carmen	78735423-Y	0	0	0	0	0
González Regal, María Sol	33813604-Q	0	16	0	0	16
López Rodríguez, Elisa Isabel	34984301-J	0	16	0	0	16

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 12 de xuño de 2009 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2009-2010, entre profesorado dos corpos de catedráticos e de profesorado de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticas e catedráticos e profesorado de escolas oficiais de idiomas, profesorado de música e artes escénicas, catedráticas e catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos pola concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, o persoal opositor que tivo aprazamento da fase de prácticas e non superou esta, interinas, interinos, substitutas e substitutos e o persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 119, do venres 19 de xuño de 2009, é necesario realizar as seguintes modificacións:

Na páxina 10.598, base novena, prazas que poden solicitar os funcionarios e funcionarias do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, débese engadir a especialidade de: «Historia coa especialidade de arqueoloxía, código 526».

Pontevedra	Ponteareas	36024781	360422301	IES de Ponteareas	Ponteareas
------------	------------	----------	-----------	-------------------	------------

Modifícanse os códigos dos centros que se relacionan:

CREDO da Coruña, código de centro 15990080.

CREDO de Ourense, código de centro 32990081.

CREDO de Vigo, código de centro 36990079.

Modifícase o código da localidade do IES de Meaño:

IES de Meaño, código de localidade 360270000.

Modifícase a denominación da localidade dos centros que se relacionan:

IES Maximino Romero de Lema, localidade Baio.

IES de Sanxenxo, localidade Adina.

IES de Vilalonga, localidade Vilalonga.

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 29 de xuño de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se abre o prazo para a presentación da documentación acreditativa de estar en posesión do curso de coñecemento da lingua galega.*

A entrada en vigor da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, determinou a necesidade de modificar as resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008, polas cales se convocou concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías e especialidades de persoal licenciado sanitario do organismo.

Así, no *Diario Oficial de Galicia* do 26 de xuño de 2009 publicouse a Resolución do 25 de xuño de 2009, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola cal se modifican ditas resolucións.

Polo que se refire ao terceiro exercicio obrigatorio e non eliminatorio de coñecemento da lingua galega, a resolución establece a exención para todos os aspirantes, de calquera quenda de acceso, que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

No anexo I:

Débese engadir na provincia de Pontevedra, localidade de Ponteareas, despois do IES Pedra da Auga, como centro número 4 o seguinte:

Por todo isto, procede abrir un prazo para que os aspirantes admitidos ao proceso selectivo presenten a documentación acreditativa correspondente, polo cal esta dirección, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

### RESOLVE:

Primeiro.-Abrir o prazo, ata o 31 de xullo de 2009, inclusive, para que os aspirantes admitidos ao proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008, polas cales se convocou concurso-oposición para o ingreso nas categorías de facultativo especialista de área de diversas especialidades, médico de urxencias hospitalarias, médico de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria, farmacéutico de atención primaria, odontólogo de atención primaria e médico coordinador do 061, presenten, na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (edificio administrativo San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela), copia cotexada do Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, ou a validación correspondente de conformidade co establecido na orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo).

Segundo.-De conformidade co establecido na resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde do 25 de xuño de 2009, aos aspirantes que acrediten estar en posesión dos devanditos cursos de coñecemento da lingua galega adxudicaráselles no terceiro exercicio unha puntuación de 5 puntos.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2009.

Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 9 de xuño de 2009 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de química física a María Teresa Vilariño Barreiro.*

De conformidade coa proposta da comisión designada para vulgar o concurso de acceso que convocou